



Informe 5/2010 de 28 de xuño de 2010, sobre a clasificación empresarial esixida aos contratos clasificados como de consultaría e asistencia no RD-L 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

ANTECEDENTES

1º.- Pola Presidenta do Organismo Autónomo Augas de Galicia dirixiuse a esta Xunta Consultiva de Contratación Administrativa o seguinte escrito de consulta:

1.- Debido á dificultade práctica de abrir procedementos de contratación ás anteriores empresas de consultaría (xa que os citados contratos coa nova normativa considéranse contratos de servizos), en tanto en canto non se implemente unha clasificación nesta materia, e en concreto, no ámbito de conceptos específicos en materia de augas, dirixise esta consulta á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, sobre o contido e alcance da disposición transitoria quinta da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), no sentido de non esixencia de clasificación en determinados contratos de servizos ata que se promulgue norma regulamentaria de desenvolvemento.

2.- Encaixar nas clasificacións existentes actualmente na LCAP determinados contratos habituais da Administración Hidráulica de Galicia, implica na práctica unha limitación da concorrència e/ou a falta de cualificación específica de determinadas empresas, que ostentando tal clasificación, non están especializadas na concreta materia relacionada co obxecto dos servizos que se pretenden contratar.

3.- En concreto, a **CONSULTA** estribaría no seguinte:

Considerando que non se esixía na regulación anterior ás empresas de consultaría e asistencia clasificación, e que nos contratos actualmente de servizos referidos á materia hidráulica, a regulación actual non especifica nas clasificacións existentes a necesaria especificidade ata que se desenvolva o regulamento,

¿Cabe aplicar, na contratación de servizos pola Administración Hidráulica a disposición transitoria quinta, en relación co artigo 54.1, e co anexo II punto 27 da Lei de contratos do sector público, que exonera da esixencia de clasificación das empresas dedicadas a “outros servizos”, ata que se promulgue o regulamento parcial que complete o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, en desenvolvemento da citada Lei?

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Segundo o disposto no artigo 2.1 do Decreto 237/2007, de 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa correspóndelle á este órgano consultivo emitir informe con carácter facultativo sobre aquelas cuestións que, en materia de contratación administrativa, sometan á súa consideración as entidades enumeradas no seu artigo 1 entre as que figuran os organismos autónomos.

2.- O escrito de consulta solicita un pronunciamento sobre a posibilidade de eximir da necesidade de esixencia de clasificación aos contratos de servizos da Administración Hidráulica. Do expediente que o acompaña complétase a cuestión ao deducirse que se ten referido a aqueles contratos que, na normativa anterior eran considerados contratos de consultaría e que coa entrada en vigor da Lei 30/2007 se teñen incorporado á categoría xenérica de contratos de servizos.

3.- A LCSP, no artigo 10, define os contratos de servizos como aqueles nos que o seu obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou unha subministración.

Engade a norma que os contratos de servizos se dividen nas categorías enumeradas no Anexo II, categorías estas que, por outra banda, deben completarse coa referencia ao Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV) (Regulamento (CE) 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello) no que se especifica o conxunto de actividades que se integran baixo cada unha das categorías indicadas. A ausencia de actividade similar no Anexo na que agrupar o servizo a prestar non é óbice para descartala como tal tipo contractual xa que o apartado 27 “Outros servizos”, de carácter residual, permitirá a súa inclusión no caso de que, tras analizar a súa natureza xurídica, así se determine.

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, nun recente informe de febreiro de 2010 (64/09) indica que para caracterizar o contrato de servizos contemplado no artigo 10 da LCSP, debemos sentar as seguintes conclusións:

- a) Que se trate dunha prestación de facer.
- b) Que non consista na execución dunha obra ou dunha subministración (a salvo que, aínda que as subministracións por regra xeral son prestacións de dar, o contrato de fabricación é unha prestación de facer)
- c) Que sirva de instrumento auxiliar para o exercicio dunha competencia da Administración contratante.

3.- Unha vez precisado o ámbito, de acordo co artigo 54.1 da LCSP a clasificación empresarial é un requisito de capacidade que deben acreditar as empresas nos procedementos de adxudicación de contratos de servizos a partir dun determinado importe económico, 120.000 €. Establece a norma excepción expresa dos contratos de servizos comprendidos nas categorías 6, 8, 21, 26, e 27 do Anexo II.

Pola súa banda, a Disposición transitoria 5ª da LCSP dispón que o devandito apartado 1 do artigo 54, en canto determina os contratos nos que é esixible a clasificación previa, entrará en vigor conforme ao que se estableza nas normas regulamentarias de desenvolvemento desta Lei que definan os grupos, subgrupos e categorías en que se clasificarán eses contratos, e declara vixente, ata entón, o parágrafo primeiro do apartado 1 do artigo 25 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño (en adiante, TRLCAP).

Este artigo establece a esixencia de clasificación dos contratos de servizos a que se refire o artigo 196.3, cando o seu orzamento sexa igual ou superior a 120.202, 42 euros. Así mesmo. exceptúa deste requisito os contratos comprendidos nas

categorías 6 e 21 do artigo 206 e, dos comprendidos na categoría 26 do mesmo artigo, os contratos que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos.

Dous son, sen embargo, as excepcións á vixencia do artigo 25 do TRLCAP prevista na DT 5ª:

Primeira.- No respecto ao importe a partir do que se debe esixir clasificación empresarial nos contratos de obras xa que a Disposición adicional sexta do *Real decreto Lei 9/2008, do 28 de novembro, por que se crean un Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e apróbanse créditos extraordinarios para atender ao seu financiamento*, dispuxo que a partir da entrada en vigor deste Real decreto Lei non sería esixible a clasificación nos contratos de obras de valor inferior a 350.000 euros, contía que este órgano entende referida ao valor estimado do contrato.

Segunda.- Respecto as categorías dos contratos de servizos exentas de esixencia de clasificación no artigo 54.1 (as categorías 6, 8, 21, 26 e 27 do Anexo II) xa que, en tanto que a DF 5ª solo resulta de aplicación aos contratos determinados no artigo 54 para os que é esixible a clasificación previa, enténdese, a sensu contrario, que as categorías excluídas non requiren desenvolvemento legal algún para ser aplicadas.

4.- Non obstante o anterior, non se debe engadir que a determinación do grupo e subgrupo da clasificación de servizos esixible nun contrato determinado debe facerse a partir do obxecto do contrato e das prestacións a que se obriga o contratista e, considerando que na actualidade non existen grupos nin subgrupos nos que podan ser clasificadas as empresas o profesionais que opten á adxudicación de contratos que, no texto Refundido da Lei de Contratos da Administracións Públicas, tiñan a consideración de traballos de consultaría e asistencia, non cabe esixir a clasificación nestes contratos, debendo suplirse pola presentación de acreditacións de solvencia económica e técnica e profesional conforme o disposto nos artigos 64 e 67 da LCSP.

CONCLUSIÓN

Este órgano consultivo entende que, en tanto que os desaparecidos contratos de asistencia e consultaría non teñen determinados na actualidade os grupos e subgrupos nos que podan ser clasificadas as empresas o profesionais, non cabe esixir a clasificación nestes contratos.